

## **CIRCULAR 67-2016**

- A todas as Delegacións (\*)

- Aos clubs, adestradores e atletas.

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **REGULAMENTO V LIGA GALEGA ESCOLAR FEDERADA- ABANCA**

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organizará a *V Liga Galega Escolar Federada-ABANCA* para as categorías benxamín, alevín e infantil integrada por 2 xornadas: unha fase previa composta de tres zonas: zona provincial Coruña, zona provincial Pontevedra e zona provincias Lugo e Ourense programada para o 19 de novembro e unha fase final autonómica (pendente de confirmación). (No caso de non haber participación suficiente nunha das fases a organización poderá realizar cambios).

**Art.2).** Poderán participar todos os clubs con atletas con licenza federada que confirmen a súa participación á dirección técnica da FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) antes das 20:00h do día 19 de Outubro no anexo que se adxunta.

**Art.3).** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes anterior á celebración da proba.

**Art.4).** Os equipos deberán confirmar a participación dos seus atletas ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5).** Para clasificarse para a fase final autonómica que se disputará no Pazo dos Deportes de A Coruña será obrigatorio participar na fase correspondente. Clasificarase o primeiro equipo de cada unha das fases e as cinco mellores puntuacións do total dos equipos participantes por confronto directo nun encontro ficticio cas marcas das fases previas.

**Art.6). Limitación na inscrición:** Cada atleta poderá realizar un máximo de 2 probas por xornada (non podendo realizar o 500 e o 1000 no mesmo día. O relevo conta coma proba). En cada proba puntuarán dous atletas por entidade non permitíndose a participación de equipos con un único participante en cada proba (agás nos infantis nos que poden deixar dúas probas con un único participante en cada unha de elas).

**Art.7).** Na categoría benxamín e alevín os clubs poderán deixar sen cubrir unha das probas. Na categoría infantil, poderán deixar sen cubrir dúas das probas.

**Art.8).** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.9).** Número de intentos e cadencias: Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante realizará 4 intentos.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



**Art.10).** Ao rematar a liga entregaranse trofeos aos tres primeiros equipos de cada categoría e medallas a cada un dos compoñentes dos tres primeiros equipos sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará o trofeo. Proclamarase campión o equipo que obteña maior cantidade de puntos.

**Art.11).** O Delegado oficial de cada equipo poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva.

**Art.12).** O sorteo de rúas e orden de actuación sortearáse unha vez recibidas todas as inscricións

**Art.13). Alturas dos listóns e distancias das táboas:** Comunicara-se unha vez rematado o prazo de inscrición (sendo as mesmas para as tres fases).

**Art.14).** Para as categorías benxamín e alevín non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nen medición do vento nas probas de velocidade, valados e saltos horizontais. Para a categoría infantil é obrigatorio a saída debe realizarse con 4 apoios con ou sin tacos e non se permitirá ningunha saída nula sendo preciso a utilización de anemómetro nas carreiras e nos saltos horizontais.

**Art.15).** Programa de probas da competición:

CATEGORIA		
Benx	Alev	Inf
50	60	60
500	500	500
1000	1000	1000
		6v. 0,84/0,76
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura
		Pértega
		Triple
4x50	4x60	4x80



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.16).** Horario provisional (o definitivo publicarase o mércores anterior cos participantes inscritos)

Proba	Categoría	Sexo	Hora	Proba	Categoría	Sexo
60 v	Inf	H	<b>10:45</b>	Altura	Ben.	H/M
				Peso 2kg	Alv.	M/H
				Lonx	Inf.	M/H
60 v	Inf	M	<b>10:50</b>			
60	Alv	M	<b>11:00</b>			
60	Alv	H	<b>11:05</b>			
60	Inf	M	<b>11:10</b>			
60	Inf	H	<b>11:15</b>			
50	Benx	M	<b>11:20</b>	Peso 1kg	Ben.	M/H
				Lonx	Alv.	M/H
				Altura	Inf.	H/M
50	Benx	H	<b>11:25</b>			
500	Inf.	M	<b>11:30</b>			
500	Inf.	H	<b>11:40</b>			
500	Alv.	M	<b>11:50</b>			
500	Alv.	H	<b>12:00</b>			
500	Benx	M	<b>12:10</b>			
500	Benx	H	<b>12:20</b>	Lonx	Benx	M/H
				Altura	Alv	H/M
				Peso 3kg	Inf	M/H
1000	Inf.	M	<b>12:30</b>			
1000	Inf.	H	<b>12:40</b>			
1000	Benx	M	<b>12:50</b>			
1000	Ben.	H	<b>13:00</b>			
1000	Alv	M	<b>13:10</b>	Pértega	Inf	H/M
				Triple	Inf	H/M
1000	Alv.	H	<b>13:20</b>			
4x80	Inf	M	<b>13:30</b>			
4x80	Inf	H	<b>13:35</b>			
4x60	Alv.	M	<b>13:40</b>			
4x60	Alv.	H	<b>13:45</b>			
4x50	Ben.	M	<b>13:50</b>			
4x50	Ben.	H	<b>13:55</b>			

**Art.17)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



### FOLLA DE INSCRICIÓN

O clube ..... confirma a súa participación na **V LIGA ESCOLAR FEDERADA- ABANCA** nas seguintes categorías e fases (marcar con unha X):

	Benxamin Masculino	Benxamin Feminino	Alevín Masculino	Alevín Feminino	Infantil Masculino	Infantil Feminino
<b>I Xornada</b> <b>Provincia</b> <b>A Coruña</b> <b>Data:</b> 19 noviembre <b>Sede:</b> Pendente de confirmar						

	Benxamin Masculino	Benxamin Feminino	Alevín Masculino	Alevín Feminino	Infantil Masculino	Infantil Feminino
<b>I Xornada</b> <b>Provincia</b> <b>Pontevedra</b> <b>Data:</b> 19 noviembre <b>Sede:</b> Pendente de confirmar						

	Benxamin Masculino	Benxamin Feminino	Alevín Masculino	Alevín Feminino	Infantil Masculino	Infantil Feminino
<b>I Xornada</b> <b>Provincias</b> <b>Lugo-</b> <b>Ourense</b> <b>Data:</b> 19 noviembre <b>Sede:</b> Pendente de confirmar						

Enviar por correo electrónico a FGA ([direcciontecnic@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnic@fgatletismo.com)) antes das 20:00h do día 19 de Outubro.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



*Selo da Entidade*

*Asdo.:*

*Delegado/a do equipo*